



DATOS IDENTIFICATIVOS

Enfermería en saúde mental

Materia	Enfermería en saúde mental			
Código	O51G140V01305			
Titulación	Grao en Enfermería			
Descritores	Creditos ECTS	Sinale	Curso	Cuadrimestre
	6	OB	3	2c
Lingua de impartición	Castelán Galego			
Departamento	Departamento da E.U. de Enfermería (Ourense)			
Coordinador/a	Álvarez García, María José Juliana			
Profesorado	Álvarez García, María José Juliana Fariñas Valiña, Natalia			
Correo-e	maria.jose.juliana.alvarez.garcia@sergas.es			
Web				
Descrición xeral	Saúde Mental e modo de vida. Atención de Enfermería de saúde mental a persoa, familia e comunidade. Aspectos Psiquiátricos dos coidados de Enfermería.			

Competencias

Código	
A1	Que os estudantes demostren posuír e comprender coñecementos nunha área de estudo que parte da base da educación secundaria xeral e adoita atoparse a un nivel que, malia se apoiar en libros de texto avanzados, inclúe tamén algúns aspectos que implican coñecementos procedentes da vangarda do seu campo de estudo.
A2	Que os estudantes saiban aplicar os seus coñecementos ó seu traballo ou vocación dunha forma profesional e posúan as competencias que adoitan demostrarse por medio da elaboración e defensa de argumentos e a resolución de problemas dentro da súa área de estudo.
A3	Que os estudantes teñan a capacidade de reunir e interpretar datos relevantes (normalmente dentro da súa área de estudo) para emitir xuízos que inclúan unha reflexión sobre temas relevantes de índole social, científica ou ética.
A4	Que os estudantes poidan transmitir información, ideas, problemas e solución a un público tanto especializado coma non especializado.
A5	Que os estudantes desenvolvan aquelas habilidades de aprendizaxe necesarias para emprender estudos posteriores cun alto grao de autonomía.
B1	Ser capaz, no ámbito da enfermería, de prestar unha atención sanitaria técnica e profesional adecuada as necesidades de saúde das persoas que atenden, de acordo co estado de desenrolo dos coñecementos científicos de cada momento e cos niveis de calidade e seguridade que se establecen nas normas legais y deontolóxicas aplicables.
B2	Saber planificar e prestar coidados de enfermería dirixidos as persoas, familias o grupos, orientados aos resultados en saúde, avaliando o seu impacto, a través de guías de práctica clínica e asistencial, que describen os procesos polos cuales se diagnostica, trata ou cuida un problema de saúde.
B3	Saber aplicar os fundamentos e principios técnicos e metodolóxicos da enfermería
B4	Ser capaz de comprender o comportamento interactivo da persoa en función do xénero, grupo ou comunidade, dentro do seu contexto social e multicultural
B5	Diseñar sistemas de coidados dirixidos as persoas, familia ou grupos, avaliando o seu impacto e establecendo as modificacións oportunas
B6	Aplicar as intervencións da enfermería na evidencia científica e nos los medios dispoñibles
B7	Saber comprender, sen prexuízos, as persoas, considerando os seus aspectos físicos, psicolóxicos e sociais, cómo individuos autónomos e independentes, asegurando o respecto as suas opinións, creenzas e valores, ademais de garantir o dereito á intimidade, a través da confidencialidade e o segredo profesional
B8	Promover e respetar o dereito de participación, información, autonomía e consentimento informado na toma de decisións das persoas atendidas, acorde coa forma en que viven o seu proceso de saúde-enfermedade
B9	Fomentar estilos de vida saudables e o autocuidado, apoiando o mantemento de conductas preventivas e terapéuticas
B10	Protexer a saúde e o benestar das persoas, familias ou grupos atendidos, garantindo a súa seguridade
B11	Saber establecer unha comunicación eficaz cos pacientes, familias, grupos sociais e compañeiros. Fomentar a formación e información para a saúde

B12	Aplicar o código ético e deontolóxico da enfermería española, comprendendo as implicacións éticas da saúde nun contexto mundial na transformación
B13	Aplicar os principios de financiación sanitaria e sociosanitaria e utilizar adecuadamente os recursos dispoñibles
B14	Establecer mecanismos de avaliación, considerando os aspectos científico-técnicos e de calidade
B15	Ser capaz de traballar co equipo de profesionais como unidade básica na que se estruturan de forma uni ou multidisciplinar e interdisciplinar os profesionais e demais persoal das organizacións asistenciais
B16	Ser capaz de utilizar os sistemas de información sanitaria
B17	Realizar coidados de enfermería baseándose na atención integral da saúde, que supón a cooperación multiprofesional, a integración dos procesos e a continuidade asistencial
C10	Identificar as respostas psicosociais das persoas ante as diferentes situacións de saúde (en particular, a enfermidade e o sufrimento), seleccionando as accións adecuadas para proporcionar axuda nas mesmas.
C12	Utilizar estratexias e habilidades que permitan unha comunicación efectiva con pacientes, familias e grupos sociais, así como a expresión das súas preocupacións e intereses.
C14	Coñecer e identificar os problemas psicolóxicos e físicos derivados da violencia de xénero para capacitar ao estudiantado na prevención, a detección precoz, a asistencia, e a rehabilitación das vítimas desta forma de violencia.
C22	Promover a participación das persoas, familia e grupos no seu proceso de saúde-enfermidade.
C23	Identificar os factores relacionados coa saúde e os problemas do entorno, para atender as persoas en situacións de saúde e enfermidade como integrantes de unha comunidade
C24	Identificar e analizar a influencia de factores internos e externos no nivel de saúde de individuos e grupos
C25	Aplicar os métodos e procedementos necesarios no seu ámbito para identificar os problemas de saúde máis relevantes nunha comunidade.
C26	Analizar os datos estatísticos referidos a estudos da poboación, identificando as posibles causas de problemas de saúde.
C31	Realizar as técnicas e procedementos de coidados de enfermaría, establecendo unha relación terapéutica cos enfermos e familiares.
C32	Seleccionar as intervencións encamiñadas a tratar ou previr os problemas derivados das desviacións de saúde.
C51	Coñecer os problemas de saúde mental máis relevantes nas diferentes etapas do ciclo vital, proporcionando coidados integrais e eficaces, no ámbito da enfermaría.
D1	Capacidade de análise e síntese
D2	Capacidade de organización e planificación
D3	Capacidade de xestión da información
D4	Resolución de problemas e toma de decisións
D5	Traballo en equipo, multidisciplinar e multilingüe
D6	Habilidades nas relacións interpersonais
D7	Razoamento crítico
D8	Aprendizaxe autónomo
D9	Adaptación a novas situacións. Iniciativa e espírito emprendedor. Creatividade.
D10	Motivación pola calidade
D11	Sensibilidade hacia temas medioambientais

Resultados de aprendizaxe

Resultados previstos na materia	Resultados de Formación e Aprendizaxe			
Saber a clasificación e clínica dos trastornos mentais e os coidados de enfermería asociados a eles.	A1	B1	C10	D1
	A2	B2	C12	D2
	A3	B3	C14	D3
	A4	B4	C22	D4
	A5	B5	C23	D5
		B6	C24	D6
		B7	C25	D7
		B8	C26	D8
		B9	C31	D9
		B10	C32	D10
		B11	C51	D11
		B12		
		B13		
		B14		
		B15		
		B16		
		B17		

Capacidade para promover e avaliar a formación de hábitos perdurables e autónomos de práctica de actividade física e deporte entre a poboación escolar

Contidos

Tema

Introducción á saúde mental	Enfermidade mental. Repaso histórico. Como evolucionou o concepto de saúde mental. A saúde mental dentro do sistema de saúde.
Comunicación e relación terapéutica	O profesional de enfermaría no campo da saúde mental. Conceptos básicos. A relación enfermeira/paciente base da relación terapéutica.
Psicopatoloxía	Descrición e identificación dos principais cadros psicopatolóxicos e avaliación das manifestacións de devanditas patoloxías.
Coidados de enfermaría nos distintos trastornos mentais	Valoración de enfermaría na saúde mental. Os patróns funcionais de saúde aplicados á saúde mental. Diagnósticos de enfermaría asociados. Intervencións de enfermaría e resultados esperados. Espectro da esquizofrenia e outros trastornos psicóticos. Trastorno bipolar e trastornos relacionados. Trastornos depresivos. Trastornos de ansiedade. Trastorno obsesivo-compulsivo e trastornos relacionados. Trastornos relacionados con traumas e factores de tensións. Trastornos dissociativos. Trastorno de síntomas somáticos e trastornos relacionados. Trastornos alimentarios e da inxestión de alimentos. Trastornos do sono-vixilia. Disfuncións sexuais. Disforia de xénero. Trastornos parafilicos. Trastornos destrutivos do control dos impulsos e da conduta. Trastornos relacionados con sustancias e trastornos adictivos Trastornos da personalidade. Saúde mental infantojuvenil. Trastornos da excreción. Trastornos do desenvolvemento neurológico (discapacidades intelectuais, trastornos da comunicación, trastornos do espectro do autismo, trastorno por déficit de atención con hiperactividade).
Terapias interactivas	Rehabilitación e readaptación social do paciente con alteracións na saúde mental. Diferentes intervencións terapéuticas para enfermaría. Saúde mental e rehabilitación.

Planificación

	Horas na aula	Horas fóra da aula	Horas totais
Seminario	10	2	12
Lección maxistral	24	20	44
Exame de preguntas obxectivas	4	38	42
Traballo	12	40	52

*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientador, considerando a heteroxeneidade do alumnado.

Metodoloxía docente

	Descrición
Seminario	Actividades enfocadas ao traballo sobre un tema específico, que permiten afondar ou complementar os contidos da materia. Pódense empregar como complemento das clases teóricas.
Lección maxistral	Exposición por parte do profesorado, dos contidos da materia obxecto de estudo.

Atención personalizada

Metodoloxías	Descrición
Seminario	Actividades enfocadas ao traballo sobre un tema específico.

Avaliación

Descrición	Cualificación	Resultados de Formación e Aprendizaxe

Seminario	A asistencia aos seminarios é obrigatoria, cando menos no 90% do total das horas asignadas, no caso contrario a/o alumna/o pasará a ser avaliado segundo os criterios establecidos para a "modalidade non presencial".	40	A1	B1	C10	D5
			A2	B2	C23	D6
			A3	B3	C24	D9
			A4	B4	C25	D10
			A5	B5	C26	D11
	A avaliación presencial de seminarios será:			B6	C31	
				B7	C32	
	1º. Avaliación continua (10%): Esta avaliación farase ao longo do cuadrimestre no que se imparte a materia, mediante a observación da participación e implicación do alumnado nos temas expostos na aula. A puntuación para ser apto neste apartado será de 5 ou máis puntos sobre 10. Será preciso superar esta parte da materia, para poder superar toda a materia.			B8		
				B9		
				B10		
				B14		
	2º. Exame de preguntas obxectivas (proba tipo test), con varias opcións de resposta, sendo só unha delas certa dos temas expostos en seminarios (30%). A fórmula que se utilizará para obter a puntuación neste apartado será: (A-E), (A) acertos - (E) erros. As preguntas en branco, non restan puntuación.					
	Para superar o exame, será preciso acadar o 60% da puntuación total máxima posible deste apartado: (60% da puntuación total máxima posible= 5 puntos sobre 10).					
	Será preciso superar esta parte da materia, para poder superar toda a materia.					
Exame de preguntas obxectivas	Nesta apartado avaliarase os contidos teóricos, expostos nas clases maxistras, en relación aos contidos propios da materia.	50	A1	B4	C22	D1
			A2	B6	C51	D2
			A3	B7		D3
	Constará dun exame de preguntas obxectivas (proba tipo test), con varias opcións de resposta, sendo só unha delas certa. A fórmula que se utilizará para obter a puntuación neste apartado será: (A-E), (A) acertos - (E) erros. As preguntas en branco, non restan puntuación.		A4	B9		D4
			A5	B10		D7
				B13		D8
	Para superar o exame, será preciso acadar o 60% da puntuación total máxima posible deste apartado: (60% da puntuación total máxima posible= 5 puntos sobre 10).					
	Será preciso que todo o alumnado matriculado na materia supere este apartado da materia, para poder superar a asignatura.					
Traballo	Neste apartado avaliarase a elaboración e exposición dun traballo en equipo, dos temas propostos nas clases. As instrución de elaboración e de exposición do mesmo, daranse ao comenzo do cuadrimestre e publicaranse posteriormente en faitic. A calificación para ser apto será de 5 ou máis puntos sobre 10.	10		B11	C12	
				B12	C14	
				B13		
				B14		
				B15		
				B16		
	Será preciso que todo o alumnado matriculado na materia supere este apartado da materia, para poder superar a asignatura.			B17		

Outros comentarios sobre a Avaliación

OUTROS COMENTARIOS:

Para superar a materia, será preciso aprobar cada unha das partes da mesma, de forma independente. De non ser así, só se gardará a cualificación das partes superadas, ata a 2ª convocatoria, do presente curso académico.

AVALIACIÓN NON PRESENCIAL DOS SEMINARIOS (40% puntuación, do total da materia):

As/os alumnas/os que teñan unha asistencia aos seminarios inferior ó 90%, deberán realizar unha proba tipo test, con varias opcións de resposta, sendo só unha delas certa. A fórmula que se utilizará para obter a puntuación neste apartado será: (A-E), sendo A acertos e E erros. As preguntas en branco non restarán puntuación. Dita proba versará sobre os contidos impartidos nos seminarios. Nesta proba será preciso acadar un 60% da puntuación total deste apartado, (60% da puntuación total máxima posible= 5 puntos sobre 10). Será preciso ter aprobada a parte de seminarios, para poder superar a materia.

2ª EDICIÓN ORDINARIA:

O alumnado que teña suspensa/s algunha das partes da avaliación citadas, na súa 1ª edición, deberá presentarse nesta 2ª edición a parte que teña pendente segundo sexa alumnado presencial ou non presencial no relativo a parte de seminarios.

As condicións de avaliación son as mesmas que na 1ª edición.

CONVOCATORIA DE FIN DE CARREIRA:

O alumnado que se presente a esta convocatoria, deberá superar un exame de preguntas obxectivas (proba tipo test), con varias opcións de resposta, sendo só unha delas certa. A puntuación desta proba suporá o 100% do total da materia. Neste exame avaliaranse os contidos: teóricos expostos nas clases maxistras, nos seminarios, e nos traballos propostos e expostos na clase polo alumnado, en relación aos contidos propios da materia.

A fórmula que se utilizará para obter a puntuación neste apartado será: (A-E), (A) acertos - (E) erros. As preguntas en branco, non restan puntuación.

Para superar o exame, será preciso acadar o 60% da puntuación total máxima posible: (60% da puntuación total máxima posible= 5 puntos sobre 10).

Datos de exames desta materia

As datas serán as que figuran aprobadas e publicadas na web e taboleiros da Escola.

Bibliografía. Fontes de información

Bibliografía Básica

Belloch, Amparo; Sandín, Bonifacio; Ramos, Francisco, **MANUAL DE PSICOPATOLOGÍA, volumen I**, 1ª edición, McGRAW-HILL/INTERAMERICANA, 2008

Belloch, Amparo; Sandín, Bonifacio; Ramos, Francisco, **MANUAL DE PSICOPATOLOGÍA, volumen II**, 1ª edición, McGRAW-HILL/INTERAMERICANA, 2009

Bibliografía Complementaria

R. Alfaro Lefevre, **Aplicacion del Proceso de Enfermería**, 5ª edición, Masson, 2003

Fornés J, Carballal M^ªC ., **Enfermería de Salud Mental y Psiquiatría. Guía Práctica de Valoración y Estrategias de Intervención**, 1ª edición, Médica Panamericana, 2001

Molina E., **Manejo de Enfermería en pacientes con cuadro de agitación**, 1ª edición, Glosa, 2002

Bobes J, Bousoño M, Gonzalez M^ªP, Lopez JL, Saiz PA, **Enfermería Psiquiátrica**, 1ª edición, Síntesis, 2001

Fornés J., **Enfermería de Salud Mental y Psiquiátrica. Valoración y cuidados**, 2ª edición, Panamericana, 2011

Vallejo Ruiloba, J., **Introducción a la psicopatología y psiquiatría**, 8ª edición, Masson, 2015

Fornés, J; Gomez, J., **Psicopatología, diagnosis y terapéutica psiquiátrica.**, 2ª edición, Enfo Ediciones, 2011

Alfaro, R., **Pensamiento crítico y juicio clínico en enfermería**, 4ª edición, Elsevier, 2009

Lunney, M., **Razonamiento crítico para alcanzar resultados de salud positivos**, 1ª edición, Elsevier, 2011

Johnson M et al., **Vinculos de NOC y NIC a NANDA -I y diagnósticos médicos.Soporte para el razonamiento crítico y la calidad de los cuidados**, 3ª edición, Elsevier, 2012

Días sin huella (dir. Billy Wilder; 945),

□ Las tres caras de Eva (dir. Nunnally Johnson; 1945),

La naranja mecánica (dir. Estanly Kubrik; 1971),

□ Alguien voló sobre el nido de Cuco (dir. Milos Forman ;1975),

□ El silencio de los corderos (dir. Jonathan Demme ; 1991,

□ Mr. Jones (dir.Mike Figgis; 1993),

□ Diario de un rebelde (dir.Scott Kalvott ; 1995),

Doce monos (dir. Terry Gilliam; 1995),

Mejor imposible (dir. James L. Brook ; 1997),

□ Inocencia interrumpida (dir. James Mangold; 1999),

Una mente maravillosa (dir. Ron Howard,

www.index-f.com/presencia/revista.php,

□ <http://www.psiquiatría.com>,

□ <http://www.chez.com/siso/sociedad.htm>,

□ <http://www.anesm.net/>,

□ <http://tradu.scig.uniovi.es/>,

□ <http://www.edu.xunta.es/portal/index.jsp> ;,

□ www.bibliopsiquis.com,

□ <http://www.enfermeria21.com/> ;,

□ www.update-software.com/Clibplus/ClibPlus.asp,

revista de Enfermería de salud mental □ <http://www.E-ROL.es>. Revista de enfermería Rol,

Recomendacións

Materias que continúan o temario

Prácticas clínicas IV/O51G140V01405

Prácticas clínicas V/O51G140V01406

Saúde, dependencia e vulnerabilidade social/O51G140V01412

Materias que se recomenda ter cursado previamente

Fundamentos de enfermaría/O51G140V01107

Psicoloxía: Psicoloxía/O51G140V01102

Ética e lexislación/O51G140V01202

Farmacoloxía e dietética/O51G140V01203

Outros comentarios

É necesario ter foto no apartado de usuarios de Faitic

Plan de Continxencias

Descrición

=== MEDIDAS EXCEPCIONAIS PLANIFICADAS ===

Ante a incerta e imprevisible evolución da alerta sanitaria provocada polo COVID-19, a Universidade de Vigo establece unha planificación extraordinaria que se activará no momento en que as administracións e a propia institución determinen atendendo a criterios de seguridade, saúde e responsabilidade, e garantindo a docencia nun escenario non presencial ou parcialmente presencial. Estas medidas xa planificadas garanten, no momento que sexa preceptivo, o desenvolvemento da docencia dun modo máis áxil e eficaz ao ser coñecido de antemán (ou cunha ampla antelación) polo alumnado e o profesorado a través da ferramenta normalizada e institucionalizada das guías docentes.

=== ADAPTACIÓN DAS METODOLOXÍAS ===

- Metodoloxías docentes: o desenvolvemento docente trasládase da aula física á aula virtual (Campus remoto/Faitic), pero mantendo a metodoloxía docente.

- Mecanismo non presencial de atención ao alumnado (tutorías): a través do despacho virtual, previa cita a través de email.

- Bibliografía: mantense as recomendacións bibliográficas.

=== ADAPTACIÓN DA AVALIACIÓN ===

I. SEMINARIOS (40% cualificación total da materia):

A asistencia aos seminarios virtuais é obrigatoria, cando menos no 90% do total das horas asignadas, no caso contrario a/o alumna/o pasará a ser avaliado segundo os criterios establecidos para a "modalidade non presencial".

A avaliación presencial virtual de seminarios será:

I.1º. Avaliación continua (10%): Esta avaliación farase ao longo do cuadrimestre no que se imparte a materia, mediante a observación da participación e implicación do alumnado nos temas expostos na aula virtual.

A puntuación para ser apto neste apartado será de 5 ou máis puntos sobre 10.

Será preciso superar esta parte da materia, para poder superar toda a materia.

I.2º. Exame de preguntas obxectivas mediante Faitic/moodle (proba tipo test), con varias opcións de resposta, sendo só unha delas certa dos temas expostos en seminarios (30%).

A fórmula que se utilizará para obter a puntuación neste apartado será: (A-E), (A) acertos - (E) erros. As preguntas en branco, non restan puntuación. Tempo limitado.

Para superar o exame, será preciso acadar o 60% da puntuación total máxima posible deste apartado: (60% da puntuación total máxima posible= 5 puntos sobre 10).

Será preciso superar esta parte da materia, para poder superar toda a materia.

II. EXAME DE PREGUNTAS DE DESENVOLVEMENTO (50% da cualificación total da materia):

Exame oral virtual de preguntas de desenvolvemento, a través do campus remoto (aula virtual/despacho virtual).

O alumnado realizará un exame oral do contido da materia, consistirá en dúas preguntas de desenvolvemento.

Imprescindible superar cada unha das preguntas propostas para poder superar a materia.
Será preciso superar esta parte da materia, para poder superar toda a materia.

III. TRABALLO (10% da cualificación total da materia):

Neste apartado avaliarase a elaboración e exposición en aula virtual dun traballo en equipo, dos temas propostos nas clases. As instrucións de elaboración e de exposición do mesmo, daranse ao comenzo do cuadrimestre e publicaránse posteriormente en fatic.

A calificación para ser apto será de 5 ou máis puntos sobre 10.

Será preciso que todo o alumnado matriculado na materia supere este apartado da materia, para poder superar a asignatura.

AVALIACIÓN NON PRESENCIAL DOS SEMINARIOS (40% puntuación, do total da materia):

As/os alumnas/os que teñan unha asistencia aos seminarios virtuais inferior ó 90%, terán que realizar un exame oral virtual de preguntas de desenvolvemento, a través do campus remoto (aula virtual/despacho virtual).

O exame oral virtual do contido da materia de seminarios, consistirá en dúas preguntas de desenvolvemento no que será imprescindible superar con éxito o 50% dos contidos de cada unha das preguntas propostas.

2ª EDICIÓN ORDINARIA:

O alumnado que teña suspenso/s algunha das partes da avaliación citadas, na súa 1ª edición, deberá presentarse nesta 2ª edición a parte que teña pendente segundo sexa alumnado presencial ou non presencial no relativo a parte de seminarios. As condicións de avaliación son as mesmas que na 1ª edición virtual.

CONVOCATORIA DE FIN DE CARREIRA VIRTUAL:

O alumnado que se presente a esta convocatoria, deberá superar un exame oral virtual, consistirá en dúas preguntas de desenvolvemento. Imprescindible superar con éxito o 50% dos contidos de cada unha das preguntas propostas.

Neste exame avaliaranse os contidos teóricos, expostos nas clases maxistras, nos seminarios e nos traballos propostos e expostos na clase polo alumnado, en relación aos contidos propios da materia.

DATAS EXAME:

As datas serán as que figuran aprobadas e publicadas na web e taboleiros da Escola.
